

EGAP:

**PROBAS DE AVALIACIÓN PARA A OBTENCIÓN DO
CERTIFICADO DE COMPETENCIAS DIXITAIS (COMDIX) NIVEL DE
INICIACIÓN**

Publicada, en DOG, a [RESOLUCIÓN](#) pola que se convocan as probas de avaliación para a obtención do certificado de competencias dixitais (ComDix) no seu nivel de iniciación para o persoal ao servizo da Administración autonómica da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais, da Administración institucional de Galicia, da Administración de xustiza de Galicia, das entidades locais galegas e de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG)

Requisitos das persoas destinatarias

Poderá participar:

- O persoal empregado público destinado en:
 - Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Entidades públicas instrumentais.
 - Administración institucional.
 - Administración de xustiza.
 - Entidades locais.
 - Administración e servizos (PAS) das universidades do SUG.
- Que se encontre en:
 - Situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Esta proba de certificación complementábase coa posta a disposición das persoas interesadas de contidos en liña en réxime da autoformación, de uso voluntario, para adquirir os coñecementos, habilidades e actitudes dixitais, e que servirá de referencia antes de presentarse á proba de certificación

Acceso aos contidos:

A través da área de matrícula, dende o 23 de abril ata o 19 de decembro de 2025

Probas presenciais de avaliación:

Teñen a finalidade de acreditar a competencia nas materias convocadas mediante un exame presencial e o certificado galego de competencias dixitais nivel iniciación (COMDIX-iniciación) emitido pola AMTEGA

Matrícula:

- **Prazo solicitudes: dende o 12 ata o 22 de abril.**
- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo: <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as **9.00** horas da **data de inicio** do prazo de presentación de solicitudes e **ata as 14:00** horas da **data de finalización**.
- **Número máximo de inscricións que se poden solicitar: 1 por persoa participante**

